

AER detecta numerosas deficiencias na humanización da Avenida de Vigo en Chapela



AER vén de comprobar *in situ*, en base ao proxecto de reforma da Avenida de Vigo, o resultado final desta obra. Na revisión de todo o tramo realizada por AER détéctanse numerosas faltas de elementos que constaban planificados no proxecto de obra, erros na ubicación de contedores e unha importante falta de sensibilidade cara as persoas con mobilidade reducida.

Neste senso a Agrupación de Electores considera que o goberno local, da mesma cor que a Xunta de Galicia, debe supervisar o cumprimento do proxecto nunha obra de tal calado que afecta á veciñanza de Chapela; e considera que, antes de que se produza a recepción das obras, deberían completarse e corrixirse as deficiencias detectadas.

En xeral as deficiencias que se poden constatar na Avenida de Vigo resúmense en:


Ausencia da maioría das árbores con “alcorque” proxectadas: O proxecto contaba coa plantación dun total de 69 árbores con “alcorque” moi preto das beirarrúas ou nelas. Destas 69 non se plantou ningunha, e os “alcorques” non están feitos; polo que dende a Agrupación témesse que estas árbores non sexan definitivamente plantadas. Cabe sinalar que si se plantaron 20 árbores, 14 nun recheo que non saía no proxecto e outras 6 na antiga estación de tren.

Para AER, as humanizacións deben ir encamiñadas a devolver as rúas, na medida do posible, aos peóns e á veciñanza, prevalecendo o tránsito dos peóns e o transporte colectivo sobre o vehículo privado. A mellora paisaxística é para a nosa agrupación fundamental, e a dotación de arborado urbano que axude a harmonizar a paisaxe, que propicie a suavizar o microclima urbano en época estival e como non, colabore na fixación do carbono que provoca o elevado número de vehículos en tránsito, son dos poucos valores que poden xustificar acometer calquera obra denominada de “humanización”.

Ausencia de bancos, papeleiras, xardineiras e varandas de aceiro inoxidable: O proxecto conta coa instalación de 7 bancos, 18 papeleiras e 19 xardineiras. Destas, a día de hoxe, soamente están colocados 6 bancos, todos concentrados nunha mesma zona. Dende a Agrupación de Electores de Redondela entendemos que estes elementos xa deberían estar instalados para comodidade da cidadanía, posto que as beirarrúas como tal xa levan suficiente tempo rematadas. Importante sinalar que algunhas das varandas inoxidables deseñadas para aportar seguridade aos peóns en zonas con desniveis seguen ser estar instaladas, cuestión que urxe resolver canto antes.

Eliminación da parada do autobús que vai a Pontevedra: Á altura do paso de peóns situado diante das escaleiras de acceso á antiga estación de tren, atopábase ata hai uns meses unha parada de autobús. Esta parada na actualidade foi eliminada substituíndose por 3 prazas de aparcamento, o que provoca que o autobús que pasa por Chapela en dirección Pontevedra se vexa na obriga de facer a súa parada ocupando un carril enteiro, provocando as respectivas paradas de tráfico e risco na seguridade viaria.

Deficiente colocación de contedores que dificultan a visión: Comprobase que unha deficiente colocación de contedores dificulta a visibilidade, tanto para os peóns como para os vehículos, xerando riscos para os viandantes en pasos de peóns xa de por si perigosos ao atoparse en plena curva.



Escasa sensibilidade cara ás persoas con mobilidade reducida: Na baixada a Pescanova atopámonos que as beirarrúas rematan xusto nun punto onde é imposible que pase unha persoa en cadeira de rodas, polo que entendemos que hai moi pouca sensibilidade neste aspecto, xa que xusto do outro lado non houbo ningún problema en recortar metros de beirarrúa para facilitar a entrada dos camións namentres que nesta beira non se considerou planificar anchar uns centímetros a beirarrúa para que unha persoa con problemas de mobilidade puidese pasar.



Redondela, a 2 de xullo de 2018.